



Conexión Wifi co certificado da FNMT en Ubuntu

Rede Corporativa da Xunta de Galicia

CONTROL DE VERSIÓNS E DISTRIBUCIÓN			
NOME DO DOCUMENTO:	Conexión Wifi có certificado da FNMT en Ubuntu	VERSIÓN:	01.00
COD. DO DOCUMENTO:			
ELABORADO POR:	Centro de Xestión de Rede	DATA:	28/02/2024
VALIDADO POR:		DATA:	
APROBADO POR:		DATA:	

REXISTRO DE CAMBIOS		
Versión	Causa da nova versión	Data de aprobación

LISTA DE DISTRIBUCIÓN (opcional)		
Nome	Número de copia	Área/Centro/Localización

CLÁUSULA DE CONFIDENCIALIDADE

Este documento é propiedade da AMTEGA (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia). Deberá utilizar dito material exclusivamente para os servizos que foron acordados coa AMTEGA e que requiren necesariamente da súa utilización. Dito compromiso inclúe a prohibición da reprodución parcial ou total do material mencionado, por calquera medio ou método.

Índice

1. INTRODUCCIÓN.....	4
2. INSTALACIÓN DO CERTIFICADO.....	5
2.1. Ubuntu.....	5
3. CONEXIÓN Á REDE.....	6
3.1. Ubuntu.....	6
4. CONDICIONS DE USO:.....	8

1. INTRODUCCIÓN


O obxectivo do presente documento é describilos pasos para realizar a conexión á rede sen fíos empregando un certificado dixital emitido pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre (FNMT).

2. INSTALACIÓN DO CERTIFICADO

2.1. Ubuntu

O certificado da FNMT deberemos telo dispoñible dentro do propio equipo por defecto, este certificado é un só ficheiro con extensión pfx do cal debemos extraer a chave privada e o certificado. Para iso, copiamos o noso certificado no escritorio, supoñemos que o nome deste documento é **certificado.pfx** e que se encontra dispoñible na Carpeta Persoal.

Para converter o ficheiro, precisamos executar a consola. A secuencia a seguir é: *Aplicaciones > Accesorios > Terminal*.



Dentro do terminal, executamos os seguintes comandos para extraer a chave privada e o certificado:

```
openssl pkcs12 -in certificado.pfx -nocerts -nodes -out key.pem
```


```
openssl pkcs12 -in certificado.pfx -clcerts -nokeys -out cert.pem
```

Agora podemos pechar o terminal e proceder a configurar a rede WiFi.


3. CONEXIÓN Á REDE

3.1. Ubuntu

Para sistemas Ubuntu, dirixímonos á zona superior dereita do noso equipo e facemos clic na icona de *Redes inalámbricas*:



A continuación, pinchamos na rede *ED-Externos* e abriásenos unha ventá similar a esta:



Cubrimos os seguintes datos: :

Seguridad inalámbrica: WPA y WPA2 enterprise.

Autenticación: TLS

Identidad: "O noso numero de DNI e letra"

Certificado de usuario: "Seleccionamos o ficheiro cert.pem creado anteriormente"

Certificado CA: Non se modifica

Clave privada: "Seleccionamos o ficheiro key.pem creado anteriormente"

Contraseña de clave privada: "Déixase en branco"

A continuación pulsamos sobre *Conectar* para obter acceso a rede. Esta configuración será recordada, co que permite que nos volvamos conectar só pulsando enriba do nome da rede.

4. CONDICIONS DE USO:

Có acceso á rede Wifi o usuario acepta de modo explícito as obrigas aquí indicadas.

Medidas de seguridade de obrigado cumprimento

Os usuarios que accedan as redes Wifi da Xunta de Galicia teñen que cumprir coas seguintes medidas de seguridade:

1. O equipo utilizado para conectar coa rede Wifi deberá empregar un sistema operativo distribuído de forma oficial por fabricante do mesmo.
2. O equipo debe ter un antivirus instalado. Este antivirus ten que funcionar correctamente, actualizando diariamente as súas firmas.
3. O equipo ten que ter instaladas todas as actualizacións de seguridade fornecidas polo fabricante.

A Amtega resérvase a facultade de non proporcionar ou inhabilitar posteriormente o acceso Wifi se non se cumpren as medidas de seguridade indicadas.

Monitorización

O acceso e tráfico das redes Wifi será monitorizado de modo automático polas plataformas de seguridade da Xunta coas seguintes finalidades:

1. Detección de actuacións anómalas.
2. Detección de intrusionés.
3. Análise forense de incidentes de seguridade ou incumprimento das normas e políticas de seguridade.
4. Medición e estatísticas para a optimización e mellora do servizo.

Protección de Datos

Conforme ao establecido na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos, informámolo de que os seus datos persoais serán tratados e quedarán incorporados no ficheiro *Seguridade e control de acceso*, rexistrado na Axencia Española de Protección de Datos, responsabilidade da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), coa finalidade de xestionar as solicitudes de acceso á rede Wifi da Xunta de Galicia e velar pola seguridade da mesma.

Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito dirixido á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), Centro de Innovación Cultural e Modernización Tecnolóxica de Galicia, Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña), achegando copia do seu DNI ou, de ser o caso, acreditando representación suficiente.